

**Acta núm. 27/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 21 de decembro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 21 de decembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 26/2021, DO 14.12.2021.
- 2º) COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).
- 3º) SOLICITUDE DE RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 26/2021, DO 14.12.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.12.2021, acta núm. 26/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDRÉS CUNQUEIRO PAIS, na que comunica que vai limpar e encintar un peche de pedra existente en contacto coa vía pública en Fonte Paredes 27 – Ons, a menos de 4 metros do eixe do vial, de aproximadamente 15 metros lineais, para garantir as condicións de conservación.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral núm. 1792602NH2419S0001EJ), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 74,57 euros.

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR MANUEL BLANCO BLANCO, no que expón que a Xunta de Goberno Local do Concello con data 02.10.2007 concedeu licenza de obra a D. Manuel Fernández Pérez, en representación da empresa ESPAZOS DE BREOGÁN S.L., para a construción

de tres vivendas unifamiliares ubicadas en San Salvador nº 29, 30 e 31, parroquia de San Salvador, segundo proxecto técnico confeccionado por D. Lino Manuel Doporto Framil; e que a día de hoxe, como novo propietario da parcela, non ten intención de facer a vivenda que se ía construír sobre a parcela nº 29, polo que renuncia á licenza concedida para a construción desa vivenda.

Vistos os informes favorables da arquitecta e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento da renuncia presentada polo interesado da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 02.10.2007 para a vivenda unifamiliar illada que se ía construír sobre a parcela nº 29.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María R. Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA BELÉN BLANCO PARÍS, solicitando licenza para construción dunha edificación, destinada a unha vivenda e un local comercial, edificación auxiliar e piscina, en Babenzo nº 60 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 08.11.2021 (n.r.e.:2106511).

As parcelas onde se van realizar as obras (agrupación da parcela resultante da segregación da parcela con referencia catastral núm. 15013B503002850001QT, concedida pola Xunta de Goberno Local con data 19/10/2021, e a parcela con referencia catastral núm. 15013B503135970000MO) atópanse clasificadas como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 08.11.2021 (n.r.e.:2106511).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (aceptado pola Xunta de Goberno Local de data 19/10/2021), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres

anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade no local comercial, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 5.711,68 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 487,08 euros.
- Total: 6.198,76 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR MANUEL BLANCO BLANCO e CAROLINA RIVAS VARELA, solicitando licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en San Salvador 29 – San Salvador, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.12.2021 (expte. núm. 2107147).

A parcela onde se vai realizar a obra (referencia catastral núm. 7724119NH2472N0000BT) atópase clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.12.2021 (expte. núm. 2107147).
- Como garantía da urbanización para completar os servizos urbanos, que implica a pavimentación do fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeadado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.669,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.765,03 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que dia actuar en representación de BELÉN ARIAS RODRÍGUEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada no lugar da Caxusa 16 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 01.07.2020, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Caxusa nº16 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.06.2020 (n.r.e.: 2002654).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data 30.06.2021, visado polo colexio profesional correspondente o 04.10.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Fernández Echeverría, que dia actuar en representación de ELESKOING S.L., na que solicita licenza de primeira ocupación para dúas vivendas unifamiliares situada no lugar da Gronzo 41 e 42 – Brión.

A Xunta de Goberno Local do 12.08.2020, concedeu licenza para construír dúas vivendas unifamiliares no lugar de Gronzo nº 41 e nº 42 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 29.04.2020 (expte. nº.: 1903718).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 26.10.2021, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.10.2021, e do informe favorable do asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, autorizando ao interesado o mantemento en precario do espazo de cesión ao Concello con destino ao



viario público, co compromiso de proceder ao remate das obras de urbanización, recheo, nivelación coa estrada e pavimentación, no prazo máximo dun ano, e deixando en garantía o aval xa depositado de 1.800 €, segundo compromiso asinado polo interesado con rexistro de entrada no Concello núm. 3.512, do 16.12.2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González